

Módulo avaliación da conformidade	Normas (xestión da calidade)	Normas (ensaíos)
F	UNE-EN ISO/CEI 17020	UNE EN ISO/CEI 17025
F1	UNE-EN ISO/CEI 17020	UNE EN ISO/CEI 17025
G	UNE-EN 45011 ao UNE-EN ISO/CEI 17020	UNE EN ISO/CEI 17025
H	UNE-EN 45012	-
H1	UNE-EN 45011 e UNE-EN 45012	UNE EN ISO/CEI 17025

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

21819 *REAL DECRETO 1417/2006, do 1 de decembro, polo que se establece o sistema arbitral para a resolución de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade.* («BOE» 297, do 13-12-2006.)

O artigo 17 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, prevé, entre as medidas de defensa a que se refire o capítulo III do texto legal, o establecemento dun sistema arbitral que, sen formalidades especiais, atenda e resolva con carácter vinculante e executivo para as partes interesadas, as queixas ou reclamacións das persoas con discapacidade na materia que constitúe obxecto da lei. Para tales efectos, a disposición derradeira décimo terceira do dito texto legal encoméndalle ao Goberno o establecemento do sistema arbitral no prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei.

A citada previsión ten en conta o establecido pola normativa comunitaria, Directiva 2000/43/CE, do Consello, do 29 de xuño e Directiva 2002/73/CE, do Parlamento europeo e do Consello, do 23 de setembro, que modifica a Directiva 76/207/CE, do Consello, que prevé o establecemento nos Estados membros da Unión Europea de procedementos de conciliación complementarios aos xudiciais e administrativos.

Este real decreto dálle cumprimento ao mandato anteriormente sinalado, mediante o establecemento e regulación dun sistema arbitral específico para a resolución de conflitos en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade das persoas con discapacidade.

En virtude do establecido no punto 4 do artigo 1 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, así como do carácter supletorio da Lei 51/2003, do 2 de decembro, ao disposto na lexislación específica de medidas para a aplicación do principio de igualdade de trato no emprego e a ocupación, as arbitaxes laborais quedan excluídas do sistema de arbitraje a que se refire este real decreto.

De conformidade co citado artigo 17 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, este real decreto prevé a participación de representantes dos sectores interesados, das organizacións máis representativas das persoas con discapacidade e das súas familias e das administracións públicas nos órganos de arbitraje, que adoptan a forma de xuntas arbitrais.

Este real decreto foi obxecto de consulta ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, á Confederación Española de Organizacións Empresariais e á Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa

e ao Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, e o Consello Nacional da Discapacidade emitiu informe favorable.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza, de Traballo e Asuntos Sociais, de Sanidade e Consumo e de Vivenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 1 de decembro de 2006,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer e regular o sistema arbitral previsto no artigo 17 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

2. O sistema arbitral establécese, sen formalidades especiais, para atender e resolver con carácter vinculante para ambas as partes as queixas ou reclamacións das persoas con discapacidade en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal, sempre que non existan indicios racionais de delito, todo iso sen prexuízo da protección administrativa ou xudicial que en cada caso proceda.

3. O sometemento das partes ao sistema arbitral será voluntario e deberá constar expresamente por escrito.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Serán obxecto do sistema de arbitraje regulado neste real decreto as queixas e reclamacións que xurdan en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

As controversias referiranse a algunha das seguintes materias:

- Telecomunicacións e sociedade da información.
- Espazos públicos urbanizados, infraestruturas e edificación.
- Transportes.
- Bens mobles e inmobles, produtos, servizos, actividades ou funcións, comercializados directamente aos consumidores como destinatarios finais, que as persoas físicas ou xurídicas, individuais ou colectivas, profesionais ou titulares de establecementos públicos ou privados, fixos ou ambulantes, produzan, faciliten, subministren ou expidan, en réxime de dereito privado.
- Relacións coas administracións públicas no ámbito do dereito privado.

2. Non poderán ser obxecto de arbitraje:

- As controversias sobre as cales se ditase resolución xudicial firme e definitiva nos casos en que haxa identidade de suxeito, feito e fundamento.
- Aquelas en que deba intervir o Ministerio Fiscal en representación e defensa das persoas con discapacidade que carecen de capacidade de obrar ou de representación legal e non poidan actuar por si mesmas.
- Aquelas en que concorran indicios racionais de delito.
- As cuestións que estean determinadas en contratos administrativos, así como outras materias que non sexan de libre disposición conforme dereito.

3. De conformidade co establecido no punto 4 do artigo 1 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, as arbitaxes laborais quedan excluídas do sistema de arbitraje a que se refire este real decreto.

CAPÍTULO II

Das xuntas arbitrais de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal

Artigo 3. *Constitución das xuntas arbitrais de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.*

1. As xuntas arbitrais de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal son os órganos colexiados de xestión e administración do sistema arbitral a que se refire este real decreto.

2. Constituirase unha Xunta Arbitral Central de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal de ámbito estatal, adscrita ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade, que coñecerá das solicitudes de arbitraje presentadas polas persoas con discapacidade ou polos seus representantes legais e polas organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias de ámbito estatal, e que se refiran a:

a) Queixas e reclamacións que afecten un ámbito territorial superior ao dunha comunidade autónoma.

b) Queixas e reclamacións que afecten materias de competencia estatal de execución.

3. En cada comunidade autónoma e nas cidades de Ceuta e Melilla constituirase unha xunta arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal, cuxo ámbito de actuación territorial coincidirá co correspondente a aquelas. As xuntas arbitrais constituiranse mediante os convenios de colaboración que se subscriban entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as respectivas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla.

Nos convenios de colaboración a que se refire o parágrafo anterior fixaranse o ámbito funcional e as demais condicións de funcionamento das xuntas arbitrais. Así mesmo, fixaranse, logo de informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, os honorarios dos árbitros e as compensacións económicas que procedan, de ser o caso, para os integrantes das xuntas arbitrais e dos colexios arbitrais a que se refire o artigo 12, para o que será de aplicación o disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

4. As xuntas arbitrais das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla coñecerán das queixas e reclamacións presentadas polas persoas con discapacidade ou polos seus representantes legais e polas organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias, domiciliadas no seu ámbito territorial.

Así mesmo resolverán aquelas queixas e reclamacións nas cales, non dándose esta circunstancia, a subscripción, execución ou cumprimento do contrato ou a actuación que dese lugar á queixa ou reclamación se realíza no seu ámbito territorial, sempre que non se opoña expresamente unha das partes.

5. A xunta arbitral que se considere incompetente por razón da materia ou do territorio trasladará o asunto a aquela que considere competente e dirimirá os conflitos derivados destes traslados a Xunta Arbitral Central.

6. A Xunta Arbitral Central será competente para establecer criterios técnicos de unificación en materia arbitral.

Artigo 4. *Funcións das xuntas arbitrais de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.*

As xuntas arbitrais de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal, tendo en conta en particular os principios de normalización e accesibilidade, realizarán as seguintes funcións:

a) O fomento do sistema arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal, procurando a adhesión ao sistema arbitral, mediante a realización de ofertas públicas de sometemento.

b) A elaboración e actualización do rexistro de persoas físicas e xurídicas que realízaen as ofertas públicas de sometemento ao sistema arbitral no seu ámbito territorial. O rexistro incluírá o ámbito da oferta.

c) A elaboración e posta á disposición dos interesados, de maneira accesible, dos modelos de documentos en que se deberá efectuar, respectivamente, a oferta pública de sometemento ao sistema arbitral e a formalización do dito sometemento.

d) A elaboración e mantemento actualizado das listas dos árbitros acreditados polas organizacións representativas das persoas con discapacidade e das súas familias e polas organizacións de carácter económico sen ánimo de lucro, en ambos os casos con maior implantación no ámbito territorial da xunta arbitral.

e) A designación dos árbitros en cada procedemento.

f) A xestión e administración dos procedementos arbitrais.

g) A provisión de medios e accións necesarios para o mellor exercicio das funcións por parte do colexio arbitral.

h) A xestión dun rexistro de laudos emitidos.

Artigo 5. *Composición da Xunta Arbitral Central de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.*

1. A Xunta Arbitral Central de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal estará integrada por un presidente, un secretario e dous vogais, nomeados por un período de catro anos, polo titular da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade, cuxo nomeamento se deberá publicar no «Boletín Oficial del Estado».

2. O presidente e secretario serán nomeados entre o persoal que preste servizos na dita Secretaría de Estado.

O presidente deberá ter a titulación de licenciado en dereito.

3. Os vogais serán nomeados por proposta, respectivamente:

a) Da organización representativa das persoas con distintos tipos de discapacidade e das súas familias con maior implantación no ámbito estatal.

b) Da organización de carácter económico sen ánimo de lucro con maior implantación no ámbito estatal.

Artigo 6. *Composición das xuntas arbitrais de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.*

1. As xuntas arbitrais de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla estarán integradas por un presidente, un secretario e dous vogais, nomeados por un período de catro anos pola Administración de que dependa a xunta arbitral,

cuxo nomeamento se publicará no diario oficial correspondente.

2. Os cargos de presidente e secretario deberán recaer en persoal ao servizo das administracións públicas respectivas.

O presidente da xunta arbitral deberá ter a titulación de licenciado en dereito.

3. Os vogais serán nomeados por proposta, respectivamente:

a) Da organización representativa das persoas con distintos tipos de discapacidade e das súas familias con maior implantación no ámbito territorial da xunta arbitral.

b) Da organización de carácter económico sen ánimo de lucro con maior implantación no ámbito territorial da xunta arbitral.

CAPÍTULO III

Do convenio arbitral

Artigo 7. *Sometemento ao sistema arbitral.*

1. As persoas, físicas ou xurídicas, de carácter privado que importen, produzan, subministren ou faciliten contornos, produtos, bens e servizos ás persoas con discapacidade, poderán efectuar oferta pública de sometemento ao sistema arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal no seu ámbito territorial respecto de futuras controversias en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal por razón de discapacidade.

Así mesmo, as organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias, así como as organizacións de carácter económico sen ánimo de lucro, poderán efectuar oferta pública de sometemento ao sistema arbitral.

2. A oferta pública de sometemento comunicáraselle por escrito ou, sempre que se deixe constancia da súa remisión e recepción, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, á xunta arbitral a través da cal se adhira ao sistema.

3. O convenio arbitral mediante o cal se instrumente xuridicamente a oferta pública de sometemento deberá conter os seguintes requisitos:

a) Sometemento expreso por escrito ao sistema arbitral regulado por este real decreto.

b) Ámbito da oferta.

c) Compromiso de cumprimento do laudo arbitral.

d) Prazo de validez da oferta. En caso de que non conste este requisito, a oferta entenderase realizada por tempo indefinido.

4. A xunta arbitral a través da cal se realizase a oferta pública de sometemento decidirá sobre a súa aceptación ou rexeitamento.

Artigo 8. *Renuncia á oferta pública de sometemento arbitral.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que realizen oferta pública de sometemento ao sistema arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal, poderán renunciar a ela mediante comunicación efectuada a través da xunta arbitral en que realizen tal oferta, por escrito ou, sempre que se deixe constancia da súa remisión e recepción, por medios electrónicos ou telemáticos. A renuncia suporá a perda do dereito a posuír o distintivo oficial de adhesión a que se refire o artigo seguinte, desde a data da súa notificación.

Se unha vez efectuada a renuncia, se segue utilizando o distintivo oficial de adhesión e durante ese período se presentase unha solicitude de arbitraje, a xunta arbitral poderá entender formalizado o convenio arbitral.

2. A renuncia terá efectos a partir dos trinta días naturais da súa comunicación á xunta arbitral.

Se no momento de se producir a renuncia tivesen entrada nalgunha ou nalgunhas xuntas arbitrais solicitudes de arbitraje nas cales quen presenta a renuncia fose parte, iniciaranse ou continuarán as actuacións arbitrais.

Artigo 9. *Distintivo de adhesión ao sistema arbitral.*

1. As xuntas arbitrais de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal outorgarán un distintivo oficial de adhesión a aqueles que realicen ofertas públicas de sometemento ao sistema arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

2. Perderase o dereito ao uso do distintivo oficial de adhesión e procederase á baixa no rexistro correspondente das xuntas arbitrais e no Rexistro Central de ofertas públicas de sometemento ao sistema arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal por:

a) Renuncia á oferta pública de sometemento ao sistema arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

b) Utilización fraudulenta do distintivo oficial de adhesión.

c) Incumprimento reiterado dos laudos.

d) Graves e reiteradas infraccións en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade, sancionadas con carácter firme polas administracións públicas competentes.

e) Realización de prácticas, constatadas polas administracións públicas competentes, que lesionen gravemente os dereitos e intereses lexítimos das persoas con discapacidade.

3. O presidente da xunta arbitral que concedese o distintivo oficial de adhesión será quen dite a resolución de retirada do distintivo.

4. A resolución será sempre motivada excepto no suposto de renuncia voluntaria.

5. O outorgamento dos distintivos oficiais de adhesión e a súa retirada publicaranse no correspondente diario oficial.

Artigo 10. *Rexistro Central de ofertas públicas de sometemento ao sistema arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.*

1. Créase un Rexistro Central de ofertas públicas de sometemento ao sistema arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal que será xestionado polo Ministerio de Tránsito e Asuntos Sociais a través da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade.

2. As xuntas arbitrais, ao mesmo tempo que lles comuniquen aos interesados a concesión do distintivo oficial de adhesión, notificaránlle a dita comunicación ao Rexistro Central.

3. A xunta arbitral a que se dirixise a renuncia á oferta pública de sometemento, no prazo de cinco días, comunicarlle esta ao Rexistro Central, e este notificará-lle a todas as xuntas arbitrais.

CAPÍTULO IV

Dos árbitros

Artigo 11. *Designación e acreditación dos árbitros.*

1. A participación como árbitros no sistema arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal requirirá a súa acreditación polo presidente da xunta arbitral na cal deban intervir.

2. Os árbitros deberán ser licenciados en dereito ou expertos ou profesionais nalgunha das materias a que se fai referencia no artigo 2.1 deste real decreto.

3. Os árbitros serán propostos polas administracións públicas, polas organizacións representativas das persoas con discapacidade e das súas familias e polas organizacións de carácter económico sen ánimo de lucro, en ambos os casos, con maior implantación no ámbito territorial da xunta arbitral.

4. Os árbitros propostos deberanlle solicitar á xunta arbitral a súa acreditación para actuar ante ela. A dita solicitude implicará a aceptación da súa inclusión na lista de árbitros acreditados, e a aceptación do cargo de árbitro nos procedementos en que sexa designado como tal, salvo que concorra xusta causa apreciada como tal polo presidente da xunta arbitral.

Concedida a acreditación, notificaráselles aos interesados propostos.

5. En calquera momento, os árbitros poderán ser removidos da súa condición de tal pola xunta arbitral ante a cal estivesen acreditados, logo de acordo razoado, por incumprimento grave das súas obrigas.

6. O secretario da xunta arbitral manterá permanentemente actualizada a lista de árbitros acreditados ante a xunta.

Artigo 12. *Composición dos colexios arbitrais.*

1. A xunta arbitral designará un colexio arbitral composto por tres árbitros acreditados, elixidos respectivamente entre os propostos pola Administración, polas organizacións representativas das persoas con discapacidade e das súas familias, así como polas organizacións de carácter económico sen ánimo de lucro, en ambos os casos con maior implantación no ámbito territorial da xunta arbitral, que actuarán de forma colexiada, e corresponderalle a presidencia do colexio arbitral ao árbitro elixido entre os propostos pola Administración.

2. O presidente do colexio arbitral decidirá sobre cuestións de ordenación, tramitación e impulso do procedemento, podendo para iso consultar o resto dos árbitros se o considera conveniente.

Artigo 13. *Abstención e recusación dos árbitros.*

1. Os árbitros actuarán no exercicio da súa función coa debida independencia e imparcialidade. En todo caso, non poderán manter coas partes relación persoal, profesional ou comercial.

2. As partes poderán recusar os árbitros no prazo de dez días desde o momento en que lles sexa notificada a designación para decidir o conflito ou desde o coñecemento de calquera circunstancia que faga supoñer a ausencia da imparcialidade ou independencia.

3. A petición de recusación deberase facer por escrito ante o presidente da xunta arbitral, que adoptará a decisión, logo de audiencia do árbitro, no prazo de corenta e oito horas. A resolución aceptando ou rexeitando a recusación seralle notificada ao árbitro e, de ser o caso, aos demais membros do colexio arbitral, así como ás partes, e deberá ser motivada.

4. Se fose aceptada a recusación, procederase á designación dun novo árbitro, na mesma forma en que foi designado o substituído. O novo árbitro decidirá se continúa o procedemento iniciado, dándose por informado das actuacións practicadas ou retrotraéndolas ao momento da designación do colexio arbitral.

En caso de que o novo árbitro asuma as actuacións practicadas, continuará o procedemento iniciado. Se o novo árbitro decidise que se repetisen as actuacións, acordarase unha prórroga polo tempo necesario para a súa práctica.

5. Se non prosperase a recusación presentada, a parte que a instou poderá facer valer a recusación ao impugnar o laudo.

6. O procedemento quedará en suspenso mentres non se decidise sobre a recusación, prorrogándose o prazo para decidir nun período igual ao da suspensión.

CAPÍTULO V

Do procedemento arbitral

Artigo 14. *Principios.*

1. O procedemento arbitral de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal rexerese polos principios de gratuidade, voluntariedade, igualdade entre as partes, audiencia, contradición, ausencia de formalismos, normalización e accesibilidade.

Cando sexa necesario para garantir a igualdade entre as partes, efectuaranse os axustes razoables dos medios que sexan precisos.

2. Os árbitros, as partes e as institucións arbitrais están obrigados a respectar a confidencialidade das informacións que coñezan a través das actuacións arbitrais.

Artigo 15. *Normas aplicables á solución do litixio.*

1. O árbitro ou colexio arbitral decidirá en equidade, salvo que as partes optasen expresamente pola decisión en dereito.

Se existe oferta pública de sometemento á arbitrase de dereito, presumirase, salvo manifestación en contra, que o reclamante acepta esta arbitrase en dereito.

2. As normas xurídicas aplicables e as estipulacións do contrato, de ser o caso, servirán de apoio á decisión en equidade.

Artigo 16. *Solicitude de arbitrase.*

1. As persoas con discapacidade presentarán, por escrito ou, sempre que se deixe constancia da súa remisión e recepción, por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, as solicitudes de arbitrase ante a xunta arbitral que corresponda segundo o previsto no artigo 3 deste real decreto. A presentación poderase efectuar directamente ou a través das organizacións representativas das persoas con discapacidade e das súas familias con maior implantación no ámbito territorial da xunta arbitral.

2. A solicitude de arbitrase deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Nome, apelidos e documento de identificación do solicitante e, de ser o caso, da persoa que o represente, así como domicilio e lugar sinalado para efectos de notificacións.

b) Nome, apelidos ou razón social do reclamado, así como documento de identificación e domicilio se estes fosen coñecidos polo reclamante.

c) Copia do contrato escrito do cal trae causa a queixa ou reclamación ou co cal estean relacionadas, se existise.

d) Feitos que motivan a queixa ou reclamación e fundamentos en que se basea a pretensión.

e) Exposición sucinta das pretensións do reclamante, determinando, de ser o caso e na medida do posible, a súa contía.

3. Se a solicitude non reunise os requisitos que sinala o punto anterior, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta, con indicación de que, se así non o fixese, non se admitirá a solicitude.

4. Xunto á solicitude achegaranse todos os documentos que se consideren oportunos, podendo nese momento propoñer as probas de que se intente valer.

5. As xuntas arbitrais disporán de modelos de solicitude normalizados, que se poden descargar a través da páxina web do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Artigo 17. *Admisión das solicitudes.*

Recibida a solicitude, o presidente da xunta arbitral resolverá sobre a súa admisión a trámite e notificarállela aos interesados, sen que caiba recurso ningún contra esta resolución.

Ademais de polas causas previstas nos artigos 2.2 e 16.3, non se admitirán as solicitudes cando a queixa ou reclamación non garde relación coas materias a que se fai referencia no artigo 2.1 deste real decreto.

Artigo 18. *Notificación da solicitude.*

1. Admitida a trámite a solicitude, comprobarase a existencia de oferta pública de sometemento por parte do reclamado e do correspondente convenio arbitral.

2. En caso de existencia de convenio arbitral, o presidente da xunta arbitral acordará o inicio do procedemento arbitral.

3. En caso de inexistencia de convenio arbitral previo, notificaráselle a solicitude de arbitraje ao reclamado, dándolle un prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao da notificación, para a aceptación da solicitude de arbitraje.

Se o reclamado rexeitase ou non contestase aceptando a invitación á arbitraje, no prazo establecido, o presidente da xunta arbitral ordenará o arquivo da solicitude, notificándollelo ás partes.

Se o reclamado contestase aceptando a invitación á arbitraje, o presidente da xunta arbitral acordará o inicio do procedemento arbitral.

4. As resolucións do presidente da xunta arbitral que acorden o inicio do procedemento arbitral notificaránse-lles ás partes, sen que caiba recurso ningún contra elas.

Artigo 19. *Inicio da arbitraje.*

A partir do día seguinte ao da data da resolución do presidente da xunta arbitral pola cal se acorda o inicio do procedemento arbitral, comezarán a contar os prazos de duración do procedemento.

Artigo 20. *Designación do colexio arbitral.*

1. Unha vez ditada a resolución de inicio do procedemento, o presidente da xunta arbitral designará o colexio arbitral que coñecerá do asunto.

2. Nas arbitrajes que se deban decidir en dereito, os árbitros deberán ser licenciados en dereito.

3. Nas arbitrajes que se deban decidir en equidade, os árbitros deberán ser designados entre os expertos ou

profesionais na materia sobre a cal verese a queixa ou reclamación obxecto de arbitraje.

Artigo 21. *Secretaría do colexio arbitral.*

O secretario da xunta arbitral desempeñará as funcións de secretaría dos colexios arbitrais, facilitando o soporte administrativo e sendo responsable das notificacións, actuando con voz pero sen voto.

Artigo 22. *Actuacións arbitrais.*

1. Unha vez constituído, o colexio arbitral remitiralle ao reclamado a documentación presentada polo reclamante e sinalará un prazo máximo de quince días para que presente as alegacións, achegue a documentación e propoña as probas que considere convenientes.

2. Transcorrido o prazo sinalado no artigo anterior, e remitida ao reclamante unha copia do escrito presentado polo reclamado, o colexio arbitral convocará, se se considera necesario, a unha audiencia presencial ou, noutro caso, concederalles un prazo que non excederá os quince días a ambas as partes para formular alegacións.

Se as partes non propuxesen proba ningunha, requiríranse nese momento para que o fagan.

3. No caso de que o colexio arbitral non acordase unha audiencia presencial e fose necesaria unha segunda fase de alegacións, poderase acordar que estas se realicen nun prazo non superior a sete días.

Artigo 23. *Laudo conciliatorio.*

Se, unha vez iniciado o procedemento arbitral, as partes chegan a un acordo que resolva a controversia, os árbitros incorporaran a un laudo nos termos convidados e sempre que non haxa motivos de oposición.

O colexio arbitral poderá instar as partes á conciliación.

Artigo 24. *Probas.*

1. O colexio arbitral decidirá acerca da aceptación ou rexeitamento das probas propostas polas partes, así como da práctica doutras que resulten convenientes e se consideren imprescindibles para a solución da controversia.

2. As decisións dos árbitros que se refiran á realización de probas comunicaráselles ás partes e estas poderán asistir á súa práctica, sempre que a súa asistencia non perturbe ou entorpeza a súa execución.

3. Cada parte pagará a proba que propuxese. Se fosen propostas polas dúas partes ou separadamente, pero existise coincidencia, os gastos ocasionados serán repartidos por metade.

4. As probas propostas polo colexio arbitral serán pagadas pola xunta arbitral correspondente.

Artigo 25. *Falta de comparecencia das partes.*

Con carácter xeral, a inactividade ou non-comparecencia das partes, en calquera momento do procedemento arbitral ou na audiencia presencial, non impedirá que se dite o laudo, nin o privará de eficacia, sempre que os árbitros poidan decidir a controversia coa documentación achegada e as probas practicadas.

Artigo 26. *Adopción de decisións.*

O laudo arbitral, ou calquera acordo ou resolución diferentes á ordenación, impulso ou tramitación do procedemento, adoptaranse por maioría. Se non existise

acordo da maioría sobre o alcance da estimación da pretensión, decidirá o presidente.

Artigo 27. Prazo para dítar o laudo.

1. O prazo para dítar un laudo non será superior a catro meses desde o día seguinte ao da resolución do presidente da xunta arbitral pola cal acorde o inicio do procedemento.

2. Se as partes lograsen un acordo conciliatorio unha vez iniciado o procedemento arbitral, o prazo para dítar o laudo será de quince días desde que se alcanzase aquel.

Artigo 28. Forma, contido e notificación do laudo.

1. No relativo á forma e contido dos laudos será de aplicación o disposto na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, tendo en conta que non poderán ser obxecto de recurso de alzada ou potestativo de reposición e someteranse tamén ás previsións da dita lei en canto á súa anulación e execución e demais intervencións xudiciais de apoio e control da arbitraje.

2. O secretario da xunta arbitral é responsable da notificación do laudo.

Disposición adicional primeira. Garantía de accesibilidade do sistema arbitral.

Os procesos, procedementos, comunicacións, notificacións e, en xeral, os fluxos de información que integran o sistema arbitral regulado neste real decreto deberán ser accesibles para as persoas con discapacidade.

Disposición adicional segunda. Arbitraje unipersonal.

Das arbitrajes en que a contía da pretensión sexa inferior a tres mil euros coñecerá un só árbitro, designado polas administracións públicas entre o persoal ao seu servizo incluído na lista de árbitros acreditados que asumirá as facultades que neste real decreto se lle asignan ao presidente do colexio arbitral.

En todo caso, o presidente da xunta arbitral poderá acordar a designación dun colexio arbitral, coa composición sinalada no artigo 12 deste real decreto.

Disposición adicional terceira. Medios materiais e persoais.

O Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais atenderá cos seus propios medios materiais e persoais a posta en marcha e o funcionamento da Xunta Arbitral Central de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

O Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais e as correspondentes administracións públicas facilitarán os medios materiais e persoais necesarios para a posta en marcha das xuntas arbitrais, nos termos dispostos nos correspondentes convenios de colaboración.

Disposición adicional cuarta. Constitución da Xunta Arbitral Central de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, constituirase a Xunta Arbitral Central de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

Disposición adicional quinta. Protección de datos de carácter persoal.

No procedemento regulado neste real decreto, así como no funcionamento dos rexistros previstos nel, terase en conta o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de setembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas disposicións complementarias.

Disposición derradeira primeira. Normas de aplicación supletoria.

1. No non previsto neste real decreto, serán de aplicación a Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje e as súas normas de desenvolvemento, en particular no relativo á notificación, ao procedemento arbitral e aos seus efectos.

2. Así mesmo, será de aplicación supletoria a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, naqueles aspectos relativos ao funcionamento dos órganos colexiados e ás normas respecto aos convenios de colaboración entre a Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e as administracións das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia do Estado en materia de lexislación procesual, conforme o artigo 149.1.6.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Facúltase o ministro de Tráballo e Asuntos Sociais, no ámbito das súas competencias para dítar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

XEFATURA DO ESTADO

21990 LEI 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. («BOE» 299, do 15-12-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.